



Bases do programa IN-TEAMS Convocatoria 2023

Vicerreitoría
do Campus de Pontevedra
Universidade de Vigo

aje
Pontevedra
Jóvenes Empresarios

 **XUNTA
DE GALICIA**

 **MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL**
**SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE**

 **eusumo**
Cooperativa e Economía Social

CONTIDO

1	INTRODUCCIÓN	3
2	BASES DE PARTICIPACIÓN.....	3
2.1	Información xeral.....	3
2.2	Persoas destinatarias	3
2.3	Obxectivos	3
2.4	Período de pre-inscripción e inscricións.....	4
2.5	Fases do programa	4
2.6	Premios	6
2.7	Requisitos para o pago.....	6
2.8	Aceptación das bases.....	6
2.9	Imaxe	6
2.10	Cambios nas bases	6
2.11	Confidencialidade.....	6

“Esta actividade enmárcase no programa de actuación 2023 da Rede Eusumo. A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Traballo e Economía Social”.

1 INTRODUCCIÓN

A **Universidade de Vigo (UVigo)** xunto coa **Asociación de Jóvenes empresarios de Pontevedra (AJE Pontevedra)** no marco da **Rede Eusumo**, unha rede de colaboración impulsada pola Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social en Galicia, organiza o PROGRAMA IN-TEAMS, un programa de emprendemento que busca favorecer a creación de equipos e proxectos empresariais que traballarán sobre ideas de negocio ou resultados de investigación do Campus Crea para crear proxectos empresariais viables que se constitúan en entidades de economía social.

Formato concurso

O programa IN-TEAMS configúrase en formato concurso. Para iso os participantes distribuiranse por equipos multidisciplinares que traballarán sobre un resultado de investigación ou calquera outra idea de negocio achegada polos participantes que teñan o seu propio proxecto empresarial. Os equipos competirán por ser o mellor proxecto, polo que se valorará a capacidade de escalabilidade e viabilidade do proxecto empresarial.

Unha idea clave do programa é que a complementariedade de perfís persoais e profesionais incide na eficiencia e eficacia do traballo e, por tanto, na posibilidade de obter mellores resultados. Por iso promoverase entre as participantes actividades que favorezan o networking e espazos (virtuais ou físicos) que permitan o traballo colaborativo.

Os proxectos seleccionados contarán con apoio profesional no acompañamento do desenvolvemento do proxecto, módulos formativos, puntos mentor con persoas expertas na materia de desenvolvemento de plans de negocio e nas características e particularidades das entidades de economía social para a súa constitución.

Este programa premiará con 750,00 € ao proxecto gañador do programa IN-TEAMS e con 500,00 € ao segundo mellor proxecto.

2 BASES DE PARTICIPACIÓN

2.1 Información xeral

Estas bases teñen como obxecto establecer as normas de participación para o programa IN-TEAMS na convocatoria da anualidade 2023.

2.2 Persoas destinatarias

Poderán participar os seguintes colectivos:

- Alumnado de posgrao, máster ou doutoramento
- Persoas egresadas das últimas promocións
- Persoal colaborador ou integrado en grupos de investigación
- Alumnado do último ano de licenciatura ou grao
- Público en xeral con ideas de emprendemento e que busca emprender

2.3 Obxectivos

Os obxectivos do programa son:

- a. Crear proxectos empresariais en base a túa idea de negocio ou conforme a resultados de investigación do Campus Crea da UVigo.
- b. Compartir coñecementos, competencias e habilidades cun equipo multidisciplinar.

- c. Formación especializada, orientada a mellorar capacitación empresarial, sectorial e as habilidades soft-skills das persoas participantes.
- d. Apoio dunha persoa mentora experta que axude a construír un proxecto empresarial.
- e. Espazos de traballo virtuais e físicos para desenvolver un proxecto empresarial xunto ao teu equipo de traballo.

2.4 Período de pre-inscripción e inscricións

A pre-inscrición estará aberta ata o 31 de xullo de 2023 ás 23:59h e abrirase en agosto un novo prazo de inscrición ata o 7 de setembro ás 14:00h. Durante este período as persoas interesadas en participar poderán inscribirse cumprimentando el seguinte formulario online : <https://bit.ly/inscripcioninteam23>

Se durante este período non se cobren as prazas. A organización con concurso poderá abrir un novo período de inscrición cando o estime oportuno que permita cubrir o máximo número posible de participantes.

Así mesmo, aquelas persoas participantes que desexen traballar sobre unha idea de negocio propia deberán cubrir os campos correspondentes no formulario de inscrición: nome da idea, descrición da idea (necesidades que cubre, nivel de desenvolvemento, localización, etc.), relación de persoas acompañantes do proxecto que tamén desexan participar no programa.

2.5 Fases do programa

A continuación se detallan las fase del programa In-Teams:

0. Selección de participantes e definición dos grupos de traballo.

Para a selección valorarase:

1. Orde de inscrición.
 2. Perfil da persoa rexistrada, atendendo á súa capacidade para complementar os equipos multidisciplinares que traballarán nos proxectos.
 3. Dispoñibilidade para participar activamente no programa e nas actividades.
- A selección de participantes comunicarase antes do 04 de agosto de 2023.

1. Presentación das ideas de negocio e equipos.

Evento de presentación das persoas integrantes dos equipos e asignación de ideas propias das persoas participantes ou dos resultados de investigación.

Terá lugar en setembro de 2023 e nel realizaranse as seguintes actividades:

- presentación das persoas e comunicación dous grupos multidisciplinares
- presentación e asignación da idea ou resultado de investigación coa que traballar
- Entrega e explicación do modelo de Plan de empresa de economía social que se avaliará polo comité e que deberán entregar
- Entrega do calendario con todas as actividades do programa con data, hora e contidos.

2. Actividades do programa.

- a. **Sesións formativas de asesoramento** para o desenvolvemento do plan de empresa e para a mellora da capacitación das persoas.

Entregaráselle a cada grupo un calendario detallado das actividades do programa, así como os días asignados para facer un punto de control co mentor/a asignados.

Coincidindo co evento de presentación dos equipos, levará a cabo un taller de adestramento en formato dinámica orientada a que as persoas integrantes asignadas a cada equipo se coñezan, expoñan as súas capacidades ao resto do equipo, ademais de adestrar e desenvolver as habilidades para traballar en equipo.

b. Puntos de control con mentores/as especializados/as.

Ao proxectarse en formato concurso, cada equipo de traballo deberá elaborar un plan de empresa partindo dos resultados de investigación/idea de negocio asignada. Durante o proceso de elaboración do plan de empresa, os equipos de traballo contarán coa tutorización de persoal experto asignado polo programa que lles apoiará na definición de cada un dos apartados que deberá integrar o plan:

1. Resumo executivo
2. Presentación do proxecto e do equipo promotor
3. Viabilidade técnica
4. Viabilidade comercial
5. Viabilidade económico-financeira

O persoal experto, traballará de forma individualizada con cada equipo, realizando un seguimento do proxecto e planificando o seu desenvolvemento.

Os equipos terán acceso a espazos (virtuais e físicos) para traballar en grupo.

3. Entrega do Plan de empresa. Documento avaliativo polo Comité coordinador.

Os equipos de traballo terán ata o 04 de outubro de 2023 para entregar o plan de empresa. Este documento será o entregable que será avaliado polo Comité coordinador que decidirá o proxecto gañador.

4. Selección de persoas galardoadas.

O plan de empresa de cada equipo de traballo será avaliado polo comité coordinador do programa IN TEAMS que exercerá como xurado. Este comité estará conformado por representantes da UVIGO e AJE PONTEVEDRA.

Para a avaliación e selección do proxecto gañador para cada convocatoria atenderá aos seguintes criterios:

- Viabilidade do proxecto empresarial
- Probabilidade de constitución da empresa
- Carácter innovador
- Grao de escalabilidade do proxecto
- Grao de madurez do proxecto
- Potencial de xeración de emprego
- Presentación ante o comité

5. Acto de defensa

Acto de defensa do plan de empresa será, previsiblemente, o 06 de outubro de 2023. As persoas integrantes do grupo defenderán o proxecto ante un xurado.

A defensa do plan de empresa configúrase como un encontro no que os equipos de traballo e responsables do plan defenderán ante o comité coordinador do programa as potencialidades do seu proxecto empresarial.

6. Entrega de premios.

O evento de entrega de premios será, previsiblemente, o 11 de outubro de 2023.

2.6 Premios

O premio consistirá en:

- 750,00 euros para o mellor proxecto presentado na convocatoria 2023.
- 500,00 euros para o segundo mellor proxecto do programa IN-TEAMS.

A organización resérvase o dereito de declarar deserto os premios se os proxectos non reúnen as condicións necesarias para ser premiados.

2.7 Requisitos para o pago

Os pagos efectuaranse mediante ingreso en conta. Para efectuar o pago as persoas premiadas deberán acreditar o cumprimento das bases e achegar a documentación requirida (Fotocopia do DNI, datos bancarios, dirección, documento de aceptación do premio, etc..). Os pagos estarán suxeitos aos impostos e retencións legalmente establecidos.

2.8 Aceptación das bases

A participación nas presentes convocatorias supón a aceptación destas bases, sen condicións nin condicionantes, así como calquera resolución que se puido producir. A interpretación das bases correspóndelle á organización. A decisión do xurado será inapelable. A elaboración do documento de plan de empresa compromete a todos as persoas do equipo a que a información entregada é orixinal e fidedigna. En calquera caso recoñécese a todas as persoas participantes como autoras do documento.

2.9 Imaxe

As participantes no programa IN-TEAMS autorizan e aceptan a publicación da súa imaxe en medios de comunicación e internet para a promoción do programa. Calquera persoa rexistrada poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito.

2.10 Cambios nas bases

A organización resérvase o dereito de realizar algún cambio nas bases se así o considera, debendo comunicalo na web e informar debidamente as persoas participantes.

2.11 Confidencialidade

A UVigo e AJE Pontevedra comprométense a gardar confidencialidade sobre os datos presentados polas persoas participantes. En calquera caso, poderanse difundir características xerais do proxecto e no seu momento, o nome dos proxectos gañadores, o seu logotipo, a súa actividade, principais logros e o nome das persoas integrantes do equipo promotor. Os participantes comprométense a gardar confidencialidade sobre os resultados de investigación da Universidade de Vigo postos á súa disposición, sempre que non sexan de dominio público.